

Ourense, 19 de xuño de 2020

Queridas familias:

Hoxe chegamos ao final do curso 2019-2020 segundo o calendario escolar, un curso marcado pola crise producida pola Covid-19 que provocou que, dun día para outro, tiveramos que adaptarnos a un escenario insólito que non tiñamos previsto e para o que non estabamos preparados.

Tivemos que cambiar o noso espazo habitual da aula por unha mesa na casa cunha pantalla de ordenador e lanzarnos de cabeza á formación a distancia, mal chamada online, pois esta última é moi enriquecedora, complementaria e peza indispensable na educación do presente e do futuro. A formación online está suxeita á planificación e ao deseño de experiencias aproveitando a aprendizaxe en liña aspectos fundamentais que non se deron nesta ocasión.

Por este motivo, as **Misioneiras do Divino Maestro e o equipo directivo do Colexio** queremos, **en nome de todo o persoal do centro**, aproveitar esta ocasión para **agradecervos a vós nais, pais, avoas, avós ...** pola dedicación cos vosos fillos/as e netos/as nestes meses, dando o mellor de cada un de vós. **Grazas por demostrar grande confianza en nós** ao comprender a dificultade da nosa tarefa cando día a día tratamos de que se interrompera o menos posible o proceso de aprendizaxe e que seguiran, a pesares das dificultades, crescendo en todas as súas dimensións co obxectivo de preparalos para os retos, desafíos e adversidades que terán na súa vida. Polo dito, **un millón de grazas polo voso esforzo, axuda e colaboración** nesta difícil pero **apaixonante tarefa de educar para a vida**.

Tamén queremos dar as **grazas a todo o profesorado do centro e ao persoal de administracións e servizos** por reinventarse e por multiplicar horas de traballo para ter aos nosos alumnos/as enganchados. **Grazas por implicarvos e comprometervos** sen escatimar tempo nin esforzos.

Unha vez máis **grazas Xesús Divino Maestro por sacar o mellor de cada un de nós e acompañarnos nas dificultades**, sabendo que é nestas situacións máis límites cando camiñas á nosa beira e alentas a nosa esperanza. Parece premonitorio cando botamos unha ollada cara atrás, ao inicio de curso, presentando o lema: **O Mundo precisa de Ti**.

Desexámosvos que teñades un verán no que poidamos **recuperar a normalidade** pouco a pouco e **con responsabilidade**, que vos permita descansar e recuperar folgos para atoparnos axiña de novo. Seguro, que entón, estaremos moito máis preto de poder darnos unha aperta de novo e seguir camiñando xuntos valorando moito máis as pequenas cousas que nos fan crecer como comunidade educativa.

Unha forte aperta,

COMUNICACIÓNS FIN DE CURSO

1. Fondo solidario de libros de texto

Lembrede estar atentos ás datas estipuladas para todo o proceso de devolucións, entregas e publicación de listaxes de acordo ao comunicado do calendario do proceso remitido o pasado 21 de maio por Esemtia.

2. Entrega de notas

Co fin de poder ter uns intres de contacto convosco, despois da situación que vivimos neste último trimestre de curso, a entrega de notas farase de xeito presencial na clase de cada alumno/a. Deberemos acceder ao Colexio con "mascarilla", mantendo a distancia de seguridade e respectando, escrupulosamente, o horario establecido por responsabilidade de todos/as.

A entrega farase no horario que se indica a continuación segundo o número de listaxe de cada alumno/a o día que se recolle na táboa.

Nº 1 - 9:30	Nº 8 - 10:19	Nº 15 - 11:08	Nº 22 - 11:57	Nº 29 - 12:46
Nº 2 - 9:37	Nº 9 - 10:26	Nº 16 - 11:15	Nº 23 - 12:04	Nº 30 - 12:53
Nº 3 - 9:44	Nº 10 - 10:33	Nº 17 - 11:22	Nº 24 - 12:11	Nº 31 - 13:00
Nº 4 - 9:51	Nº 11 - 10:40	Nº 18 - 11:29	Nº 25 - 12:18	Nº 32 - 13:07
Nº 5 - 9:58	Nº 12 - 10:47	Nº 19 - 11:36	Nº 26 - 12:25	Nº 33 - 13:14
Nº 6 - 10:05	Nº 13 - 10:54	Nº 20 - 11:43	Nº 27 - 12:32	Nº 34 - 13:21
Nº 7 - 10:12	Nº 14 - 11:01	Nº 21 - 11:50	Nº 28 - 12:39	

4º EI		
5º EI	Martes, 23 de xuño	Acceso pola porta da rúa Río Corzo
6º EI		
1º EP	Xoves, 25 de xuño	Acceso pola porta principal
2º EP	Venres, 26 de xuño	Acceso pola porta principal
3º EP	Xoves, 25 de xuño	Acceso pola porta principal
4º EP	Venres, 26 de xuño	Acceso pola porta principal
5º EP	Luns, 22 de xuño	Acceso pola porta principal
6º EP	Martes, 23 de xuño	Acceso pola porta principal
1º ESO	Venres, 26 de xuño	Acceso pola porta principal
2º ESO	Xoves, 25 de xuño	Acceso pola porta principal
3º ESO	Venres, 26 de xuño	Acceso pola porta principal
4º ESO	Xoves, 25 de xuño	Acceso pola porta principal
1º FPB		
2º FPB	Martes 23 de xuño	Acceso pola porta principal

3. Dimatics 1 x 1

Infórmase ás familias do alumnado de 4º e 5º de primaria que será realidade, no noso centro para o vindeiro curso 2020-2021, a posta en marcha do proxecto en 5º e 6º de educación

primaria. Para seguir aprofundando no mesmo e aclarando todas as dúbidas que xurdan teremos unha reunión nos vindeiros días que será comunicada por Esemtia.

4. Proposta de datas para actividades suspendidas provisionalmente pola Covid-19

A seguinte proposta está supeditada a que a situación sanitaria siga evolucionando con normalidade e non teñamos un rebrote que o impida. Pregámosvos que, no caso de non querer participar nalgunha das actividades poñades en coñecemento do titor/a correspondente dita información.

Excursión Fin de Etapa Primaria Madrid	Do 30 de setembro ao 2 de outubro de 2020
Camión de Santiago 3º - 4º ESO	Do 6 ao 9 de setembro de 2020
Gradación 2º FPB	Venres, 4 de setembro ás 20:00 horas
Gradación 4º ESO	Venres, 11 de setembro ás 20:00 horas